



2026

17ª COPA TOP TEN PIRELLI-DRIVER-AUTIA 2026



FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO

ARTIGO 1 ORGANIZACIÓN.

ARTIGO 2 COMITÉ ORGANIZADOR.

ARTIGO 3 ASPIRANTES.

ARTIGO 4 VEHÍCULOS ADMITIDOS.

ARTIGO 5 INSCRICIÓN.

ARTIGO 6 PRUBAS PUNTUABLES .

ARTIGO 7 PREMIOS.

ARTIGO 8 PUNTUACIONES.

ARTIGO 9 PUBLICIDADE.

ARTIGO 10 COMISARIO DE SEGUIMIENTO.

ARTIGO 11 PNEUMÁTICOS.

ARTIGO 12 POSTOS DE SAÍDA.

Artigo 1.- ORGANIZACIÓN.

"Pirelli Neumáticos, S.A.U.", Euro Driver Car, S.L., Autia Integral Services e AMF MotorSport organizan para o ano 2026

a **17ª COPA TOP TEN PIRELLI-DRIVER-AUTIA**, coa finalidade expresa de dinamizar a participación nas competicións galegas de automobilismo. O presente Regulamento complementarase coas Prescricións Comúns e o Regulamento Xeral do Campionato de Galicia de Rallyes, nos apartados que non figuren neste documento.

Artigo 2.- COMITÉ ORGANIZADOR.

O Comité Organizador ten entre as súas competencias a de emitir anexos que formarán parte do presente regulamento, modificalo, interpretalo e tamén resolver tódolos casos non previstos. Os devanditos anexos e modificacións, deberán ser aprobados pola Federación Galega de Automobilismo e publicados na web:

<http://www.fga.es/>

O comité estará integrado por un representante da Federación Galega de Automobilismo, un representante de "Pirelli Neumáticos, S.A.U.", un representante de Autia Integral Services, un representante de AMF MotorSport, e un representante de Euro Driver Car, S.L. En tódalas probas puntuables haberá un comisario representante do Comité que coidará de informar a tódolos participantes sobre a interpretación do presente Regulamento, e de transmitir ó Comité os problemas e incidencias que se plantexen, así como de controlala perfecta ubicación da publicidade nos vehículos.

Artigo 3.- ASPIRANTES.

Os aspirantes a participar na **17ª COPA TOP TEN PIRELLI-DRIVER-AUTIA** teñen que reunilas seguintes condicións:

- 1.- "Pirelli Neumáticos, S.A.U.", a Federación Galega de Automobilismo, Autia Integral Services, AMF MotorSport e Euro Driver Car, S.L. resérvanse o dereito a rexeitar calquera inscrición a **17ª COPA TOP TEN PIRELLI-DRIVER-AUTIA** sen ter que xustificalo onde figure como concepto a que piloto van a ir asignados ditos pneumáticos, enviando dita factura á FGA.
- 2.- Licenzas: Posuílas licenzas dacordo co Anexo I da regulamentación da F.G. de A. que habilite o concursante, piloto e copiloto a participar nas probas indicadas no art 6.
- 3.- Tódolos gañadores das Fórmulas de Promoción, de tempadas anteriores, poden volver a participar nas mesmas, puntuando e optando ós premios en metálico.
- 4.- Os pilotos e copilotos participantes dentro das copas PIRELLI, deberán asistir as entrega de premios, entrevistas en medios de comunicación e actos promocionais, portando a indumentaria subministrada por PIRELLI que se lles entrega durante a tempada, o non cumprimento da norma implicará a perda dos puntos e premios en metálico a que puidera optar en dita proba.
- 5.- Para puntuar o piloto inscrito ten que conducir o 100% dos treitos cronometrados.
- 6.- Todo piloto, copiloto, ou membro do equipo, que non facilite ou non autorice a Verificación Técnica do seu vehículo, será sancionado coa descalificación inmediata da proba, e darase traslado ao Tribunal Galego de Apelación da F.G.A. para a apertura do correspondente expediente disciplinario.
- 7.- O equipo que resulte descalificado dunha proba por motivos deportivos ou técnicos (prescricións xerais do regulamento xeral), non poderá optar a ningunha atribución de puntos nin premios en metálico da proba correspondente.
- 8.- Se a descalificación fose por motivos técnicos implicará a descalificación da copa ou trofeo nesa proba, e en caso de ser descalificado noutra proba será motivo de exclusión definitiva da copa ou trofeo no que participe.

Artigo 4.- VEHÍCULOS ADMITIDOS:

A **17ª COPA TOP TEN PIRELLI-DRIVER-AUTIA** está aberta a:

A) TOP TEN "B" PLUS:

RGT, GT, GT+, N4, N5, N6, Rally 4, Rally 3, R4, N+, KIT CAR, S1600, S2000 E PROTO E1-E2-SCC.

B) TOP TEN "B" CLASSIC (TRASEIRA E GRUPO G e X):

Aberta a tódolos vehículos da Agrupacións **7, 6, 3, 2 e 1** a excepción dos vehículos R2, R2T, Rally 5, Rallye 5 kit, N3 Turbo e os integrados dentro da Top Ten "B" Plus.

C) TOP TEN "C": Aberta a tódolos vehículos 2RM da Agrupacións **7, 6, e 3: R2.**

Vehículos 2RM Grupos A, X, G, N ata 1.600 c.c., con todas as súas extensións de kit car e S1600, sen modificar o ancho de vía.

Serán admitidos a participar na copa TOP TEN "C" os vehículos R2T, Rally 5, Rallye 5 Kit e N3 Turbo.

Regulamentación técnica común TOP TEN "C":

- Autorízase a montaxe de caixas de cambios secuenciais para igualar as prestacións dos vehículos, ante o aforro-calidade das caixas de cambios secuenciais coas típicas en H de crabots.

- Preparación de motor libre ata 1600cc respectando o fabricante do motor

- Preparación libre de suspensión sempre que non se modifique o ancho de vías.

- Pesos mínimos:

a) Vehículos homologados antes do 1/1/1996: 900 Kg.

b) Vehículos homologados entre o 1/1/1996 e 31/12/2002: 930 Kg.

c) Vehículos homologados a partir do 1/1/2003: 960 Kg.

Artigo 5.- INSCRICIÓN:

Unha vez aceptada a inscrición no **17ª COPA TOP TEN PIRELLI-DRIVER-AUTIA** o participante estará oficialmente inscrito neste. Tódolos interesados en inscribirse no **17ª COPA TOP TEN PIRELLI-DRIVER-AUTIA** terán que facelo enviando a folla de inscrición en formulario "online" sita: <http://www.fga.es/formularios/>.

O prazo de inscrición estará aberto ata 10 días hábiles antes da celebración da primeira proba na que se desexe participar. Non se aceptará ningunha inscrición incompleta. Non optarán a premios en metálico nin os puntos, aqueles que non formalicen a súa inscrición no prazo estipulado.

Artigo 6.- PROBAS PUNTUABLES:

Para a **17ª COPA TOP TEN PIRELLI-DRIVER-AUTIA B e B "PLUS"**, serán puntuables as probas seguintes:

DATA	PROBA	ESCUDEIRÍA
6/7/8-03-2026	30º RALLYE DO COCIDO	ESCUDEIRIA LALIN-DEZA
17/18/19-04-2026	40º RALI BERBERECHO DE NOIA	ESCUDEIRIA BERBERECHO
8/9/10-05-2026	8º RALLYE MARIÑA LUCENSE	MIX RALLYE SPORTS
5/6/7-06-2026	8º RALLYE DE PONTEVEDRA	CONGOSTRA TEAM SANXENXO
10/11/12-07-2026	22º RALLYE SUR DO CONDADO	ESCUDEIRIA SURCO
21/22/23-08-2026	57º RALLYE DE FERROL	ESCUDEIRIA A. FERROL
25/26/27-09-2026	5º RALLYE COMARCA DO CARBALLIÑO	JLB MOTORSPORT
16/17/18-10-2026	48º RALLYE SAN FROILAN	ESCUDEIRIA MIÑO LUCENSE
6/7/8-11-2026	13º RALLYE OURENSE-RIBEIRA SACRA	ESCUDEIRIA LUINTRA

Para a **17ª COPA TOP TEN PIRELLI-DRIVER-AUTIA "CLASSIC"** serán puntuables as probas seguintes:

DATA	PROBA	ESCUDEIRÍA
17/18/19-04-2026	40º RALI BERBERECHO DE NOIA	ESCUDEIRIA BERBERECHO
8/9/10-05-2026	8º RALLYE MARIÑA LUCENSE	MIX RALLYE SPORTS
10/11/12-07-2026	22º RALLYE SUR DO CONDADO	ESCUDEIRIA SURCO
21/22/23-08-2026	57º RALLYE DE FERROL	ESCUDEIRIA A. FERROL
25/26/27-09-2026	5º RALLYE COMARCA DO CARBALLIÑO	JLB MOTORSPORT
16/17/18-10-2026	48º RALLYE SAN FROILAN	ESCUDEIRIA MIÑO LUCENSE

Artigo 7.- PREMIOS:

A) En cada un dos Rallyes puntuables para a **17ª COPA TOP TEN PIRELLI-DRIVER-AUTIA** outorgaranse os premios segundo a seguinte táboa:

.- Os equipos que participen no "Super Rallye" non optarán ós premios en metálico nesa proba.

Premios POR PROBA:

ORD	TOP TEN "B" CONXUNTA (PLUS E CLASSIC)	ORD	TOP TEN "C"	TOP TEN CLASSIC
1º	1000 €	1º	1000 €	400
2º	500 €	2º	500 €	200
3º	300 €	3º	300 €	100
4º	200 €	4º	200 €	
5º	100 €	5º	100 €	

Tódolos premios deste apartado son concedidos pola F.G.A., "Pirelli Neumáticos, S.A.U.", "Autia Integral Services" e "Euro Driver Car, S.L.", e están afectados, no seu caso, pola retención vixente na normativa fiscal aplicable a conta do IRPF.

Premios finais SCRATCH 17ª COPA TOP TEN PIRELLI-DRIVER-AUTIA (TOP TEN "B", TOP TEN "C", TOP TEN B (CLASSIC) e COPA TRASEIRAS):

VENCEDOR PILOTOS TROFEO
 VENCEDOR COPILOTOS TROFEO
 SUBCAMPIÓN PILOTOS TROFEO
 SUBCAMPIÓN COPILOTOS TROFEO

Serán entregados por Directivos de Pirelli, Autia Integral Services, e Euro Driver Car, S.L., na Gala de Entrega de premios anual da Federación Galega de Automobilismo.

Artigo 8.- PUNTUACIÓN:

En cada unha das probas puntuables, para a **17ª COPA TOP TEN PIRELLI-DRIVER-AUTIA**, (individualmente **Top Ten "B", Top Ten "C" e Top Ten "B" CLASSIC**), outorgaranse os seguintes puntos segundo o posto.

8.1.- Atribucións de puntos de acordo co lugar obtido na clasificación xeral scratch da copa:

1º	2º	3	4º	5º	6º	7º	8º	9º	10º	11º	12º	13	14º	15º
35	31	28	25	22	19	16	13	10	8	6	5	4	3	2

8.2.- Outorgaráselle un punto, a partir do posto 15, a todos os que finalicen a proba.

8.3.- TC Plus, outorgaráselle 3 puntos ó primeiro clasificado, 2 puntos ó segundo clasificado e 1 punto ó terceiro clasificado do TC Plus que deberá establecer o organizador no seu Regulamento particular (Itinerario Horario). No caso de neutralización do TC Plus que afecte a algún participante da copa non se terá en conta este apartado.

8.4.- Os equipos que participen no "Super Rallye" non optarán ós puntos nesa proba.

8.5.- A clasificación final da **17ª COPA TOP TEN PIRELLI-DRIVER-AUTIA**, (individualmente **Top Ten "B" e Top Ten "C"**), será establecida entre aqueles pilotos e copilotos que participen nun mínimo de 5 probas, de non cumprir o requisito non aparecerán na clasificación final da copa. Para a puntuación final reteranse e sumaranse os resultados de tódalas probas celebradas no calendario deste regulamento descontando os tres peores resultados (de celebrarse os nove rallyes); si se celebran oito probas, ou menos, descontaranse os dous peores resultados para o computo final. Se un participante non toma parte en algunha das probas, a mesma poderase descontar para a clasificación final.

8.5.1- Os equipos que participen na **TOP TEN "B" CLASSIC** deberán participar nun mínimo de catro probas para figurar na clasificación final. Para a puntuación final reteranse e sumaranse tódolos resultados do seu calendario descontando o peor resultado. Os vehículos que puntúan nesta competición tomarán a saída por detrás da Top Ten C aínda que a proba non sexa puntuable para a modalidade Classic.

8.6.- Os participantes da **TOP TEN "B" CLASSIC**, puntuarán e optarán ós premios tamén na **17ª COPA TOP TEN PIRELLI-DRIVER-AUTIA B**

8.7.- Non se poderá descontar unha proba na que fose descalificado.


Artigo 9.- PUBLICIDADE:

Tódolos vehículos deberán levar un parasol dianteiro de **RECALVI** na parte superior, un parasol traseiro **PIRELLI-DRIVER**, 4 pegatinas de PIRELLI (27,5X8,5cm.), dúas nas esquinas superiores da defensa dianteira, e dúas pegatinas na parte superior da defensa traseira, ou sexa, nunca postas nas partes laterais das defensas, máis dúas pegatinas debaixo do número de competición, nas portas dianteiras (27X22cm.), coa inscrición "DRIVER-PIRELLI-AUTIA".


Baixo ningún concepto estará permitido recorta-la publicidade nin tapa-la parcialmente.

Advertencia: Implicará a descalificación a tódolos efectos da **17ª COPA TOP TEN PIRELLI-DRIVER-AUTIA**, compartir parasoles nos parabrisas (dianteiro RECALVI, traseiro PIRELLI-DRIVER) que terán que portarse en exclusiva.

Publicidade Obrigatoria Top Ten B



Publicidade Obrigatoria Top Ten C



Artigo 10.- COMISARIO DE SEGUIMENTO:

O Comité organizador nomeará a unha persoa, a cal estará debidamente acreditada e identificada, para facelo control da publicidade e todo o concernente ó bo desenrolo e imaxe da **17ª COPA TOP TEN PIRELLI-DRIVER-AUTIA**, así como da comprobación do marcaxe dos pneumáticos, e do debido control da perfecta colocación das pegadas.

NOTAS:

- Gorras Pirelli.

Artigo 11.- PNEUMÁTICOS:

.- Tódolos vehículos terán que competir con pneumáticos de tipo:

.- Pirelli PZERO nas versións RA e RW

.- Control de Pneumáticos: Queda terminantemente prohibido tapalos códigos FIA de cada pneumático e o seu composto.

- Admítese tódolos pneumáticos asimétricos comercializados por "Pirelli Neumáticos, S.A.U."

- Terá que adxuntarse unha factura orixinal, da compra de alomenos 6 pneumáticos, e posteriormente unha segunda de 4 pneumáticos, durante as tres carreiras seguintes "PIRELLI" (Artigo 3), ao axente designado por "Pirelli Neumáticos, S.A.U.", AMF MotorSport, S.C.G., AMF MotorSport, S.C.G., telf.:986640715-607930393-616784863.

- Para a tempada 2026 terán un selo (Código de Barras FIA) identificativo do que se levará un control estrito. O non posuílo implica a descalificación da **17ª COPA TOP TEN PIRELLI-DRIVER-AUTIA**.

Artigo 12.- POSTOS DE SAÍDA:

12.1 Os postos de saída na primeira proba a celebrar serán por clasificación final do Campionato Xunta de Galicia do ano anterior. A partir da segunda proba sairase por orde de clasificación no Campionato Xunta de Galicia de Rallyes 2026.

12.1.1 Os participantes da **COPA TOP TEN B (PLUS)** sairán despois do Supercampeonato R5, con 4 equipos máximo intercalados).

12.1.2 Os participantes da **COPA TOP TEN C** sairán despois da Copa Top Ten B, con 4 equipos máximo intercalados).

12.1.3 Os participantes da **Copa Clio e Challenge R2** deberán ir agrupados na Copa Top Ten C e saír a continuación do primeiro clasificado da Top Ten C, si non é un participante dos formatos anteriores (Copa Clio, Challenge R2)

12.1.4 Os participantes da **COPA TOP TEN B (CLASSIC)** sairán despois da Top Ten C.

Únicamente os Comisarios Deportivos o seu exclusivo criterio e por motivos de seguridade, poderán efectuar cambios na orde de saída dos participantes.

Si algún dos participantes da Top Ten B Classic estivesen loitando pola Top Ten B e fosen o suficientemente rápidos, poderáselle permitir saír antes da Top Ten C. (aprobado Comisión Delegada 24/02/26)

12.1.5 Os participantes da COPA TRASEIRA, sairán dentro da COPA TOP TEN B (CLASSIC).